



memoria  
2018



## PRESENTACIÓN

O 2018 foi un ano de moito traballo porque ao acompañamento ás nenas e nenos, houbo que sumar unha labor de planificación e documentación moi importante. Para superar a fase de concurso das casas de familia foi preciso facer unha ampla reflexión e recollida de información para desenvolver un proxecto de intervención educativa e un plan de melloras acordos coa nosa misión, visión e valores. Estamos moi satisfeitos co resultado final e o posicionamento a partir da avaliación do concurso.

Seguimos a avanzar para dar unha resposta estable e segura ás necesidades persoais e familiares dos nenos e nenas, nun ambiente de normalización. A incondicionalidade e o afecto seguen a ser os nosos acenos de identidade, fieis ao compromiso de defender os dereitos da infancia.

Nas Casas de Familia os resultados séguense a consolidar, e o benestar dos nenos estase a ver de xeito continuado, conseguindo aportar un ambiente de seguridade desde a acollida.

Este programa conta, desde decembro de 2017, coa certificación na Norma ISO 9001:2015.

O Programa Contigo estase a mostrar como un elemento indispensable e complementario no noso traballo, aportando aos nenos e mozos que saen, a seguridade de que non están sós e que hai adultos que os van seguir apoiando sempre que sexa necesario.

O Programa de Formación a Familias que se ofrecen para a Adopción segue a ser unha forte aposta, a pesar da diminución da participación, pola necesidade de facer conscientes e fomentar unha parentalidade responsable.

A nosa labor é posible grazas a todas as persoas que apoiades.

GRAZAS EN NOME DO EQUIPO DE FAIBEN.



## QUEN SOMOS

FAIBEN, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, nace en maio de 2008, propiciado por persoas con amplo arraigo no mundo social, e cunha longa experiencia de traballo e implicación no campo da infancia en desprotección en Galicia. De feito, os patróns da Fundación participaron no nacemento e posta en marcha de diversas iniciativas e entidades do sector, tendo neste momento máis de trinta e cinco anos de experiencia acumulados.

### MISIÓN

FAIBEN traballa polos dereitos da infancia en desprotección, dende a incondicionalidade e a calidez, ofrecendo aos nenos, nenas e adolescentes unha convivencia familiar normalizada en Casas de Familia e un acompañamento posterior nos seus proxectos de vida, para conseguir canto antes que recuperen o seu dereito a ser membros dunha familia que lles proporcione afecto, seguridade e estabilidade.

### VALORES

APRENDIZAXE CONTINUA que compaxina compromiso e vocación cun alto nivel de profesionalidade.

FAIBEN comprométese coa infancia e adolescencia en situación de risco, dende unha visión de xustiza social a través dos valores de:

- A INCONDIONALIDADE con cada neno, nena e adolescente que pon en valor cada relación persoal coma única e moi válida, e que vai mais alá do tempo que está nos Programas de FAIBEN.
- A DEFENSA DOS DEREITOS DA INFANCIA dende unha óptica de independencia e xustiza social, reivindicando o supremo interese dos nenos.
- A ACOLLIDA de nenos, nenas e adolescentes en situación de risco, independentemente da súa problemática, confiando na capacidade de superación e mellora.
- A MELLORA CONTINUA coma compromiso pola calidade e a calidez, a apertura ao cambio e a innovación, para atopar respostas ás necesidades dos nenos, das nenas e das súas familias.
- APOIO MUTUO coma base do traballo en equipo, da necesidade de coidarse para poder coidar e o respecto como referente afectivo de aprendizaxe para os nenos e as nenas de cada Casa.

## PADROADO

PRESIDENTA : LOURDES MARTÍNEZ LAGE

SECRETARIO : RAMÓN GARCÍA SEARA

TESOREIRO : CARLOS SUAREZ DÍAZ

OUTROS MEMBROS DO PATRONATO :

- JUAN L. MEDÍN ROCA
- JUAN M. MARTÍNEZ PUENTE
- ÁNGELES SUÁREZ MUÑIZ
- IAGO SEARA MORALES
- JULIO IGLESIAS VILARIÑO
- ALEJANDRO RUBÍN CARBALLO
- ENRIQUE MARTÍNEZ REGUERA
- CARMEN ZAMORA CASTRO
- ALBERTO GONZÁLEZ-ABRALDES


XERENTE : ÁNGEL MARTINEZ PUENTE

## EQUIPO EDUCATIVO

Formado por 19 profesionais de diferentes eidos (psicoloxía, pedagogía, educación social, traballo social, etc) que se distinguen por unha forte aposta polos valores de FAIBEN e o compromiso na procura de solucións para os nenos e as nenas.

Unha das características que distinguen a este equipo é o da estabilidade, cun promedio por riba de 9 anos por traballador/a, e con profesionais que desenvolven a súa labor desde hai máis de 20 anos. Faiben conta con figuras de referencia na defensa dos dereitos da infancia en dificultade en Galicia.

## ORGANIGRAMA





## CASAS DE FAMILIA

FAIBEN, ten como modelo residencial, para os nenos en situación de desprotección, as CASAS DE FAMILIA. Son vivendas normalizadas onde conviven 8 nenos e nenas en idades entre 0 a 18 anos, cun equipo de educadores, reproducindo así un modelo familiar, onde os nenos, ademáis de ter un referente adulto estable, atopan un clima de protección afectivo e seguro. Neste senso, coidamos de que o persoal das casas sexa o máis estable posible.

### RESULTADOS



**34 nenos e nenas**

atendidos no 2018



**2 anos e 9 meses**

de promedio de permanencia na casa



**116 nenos e nenas**

atendidos desde 2008

\*na Casa de Familia de Rosalía antes de 2009 foron atendidos 50 nenos e nenas máis, para un total de 166.



de ocupación media

### ONDE


3 casas de familia (2 en Vigo e 1 en Ribeira).

### SAÍDAS


As Casas de Familia son un lugar de paso. Trabállase en solucións protectoras e estables para os nenos e nenas:

- Integración Familiar. Trabállase directamente coas familias daqueles nenos e nenas que poden voltar a súa casa, desde unha posición de acompañamento e en rede con outros axentes sociais, a fin de atopar canto antes unha solución.
- Acollemento Familiar. Búscase unha solución dentro da familia extensa, ou ben pode darse un acollemento temporal en familia allea.
- Adopción. Cando se esgotan as posibilidades coa familia biolóxica e para garantir o dereito do neno e da nena a ser membro dunha familia.
- Autonomía. Mozos e mozas que cumpren a maioría de idade e inician a súa emancipación despois dun itinerario de ocupación laboral e de habilidades para a vida independente.
- Traslado de centro. En ocasións a casa de familia non é o tipo de recurso axeitado ás necesidades e características dos nenos, nenas ou adolescentes. Promóvese o cambio ó recurso que mellor se adapte ás súas circunstancias e poida contribuír ó seu proceso vital.

SAÍDAS NAS CASAS DE FAMILIA 2018



SAÍDAS TOTAIS NAS CASAS DE FAMILIA (2008-2018)



### VALORACIÓN

As Casas de Familia de Faiben están a desenvolver a súa función buscando unha solución protectora e estable para os nenos, nenas e adolescentes. No período 2008-2018, acumúlase un 72% de saídas hacia familias: por reagrupación da familia biolóxica, acollemento en familia extensa ou allea, ou adopción. O 15% cumpren a súa maioría de idade nas casas de familia, tendo que desenvolverse por si mesmos despois de esgotar as posibilidades de estancia. Os mozos e mozas que teñen que cambiar a outro tipo de centro, por non ser a casa de familia a resposta máis axeitada, supoñen pouco máis dun 10%.


## ACTIVIDADES

Durante o ano 2018 o equipo educativo de Faiben seguiu a desenvolver a súa labor protectora e de promoción, en coherencia cos principios da entidade. As actividades no día a día do acompañamento protector teñen sentido para acadar os obxectivos recollidos no PEI (Proxecto Educativo Individualizado), composto polas seguintes áreas:

Detalle das principais actividades	
<b>1 Desenvolvemento Físico</b>	Seguimento médico-sanitario e educación en hábitos saudables: alimentación equilibrada e descanso suficiente.
<b>2 Desenvolvemento Cognitivo e Intelectual</b>	O equipo educativo estimula a maduración a través da comprensión, reflexión e concentración, en especial no caso dos nenos e nenas con Necesidades Educativas Especiais.
<b>3 Desenvolvemento Emocional e</b>	Nas Casas de Familia apórtase un ambiente de cariño e respecto que fomenta a seguridade e as habilidades para a convivencia familiar. Os nenos e as nenas desenvolven roles positivos e aprenden a construír relacións baseadas na confianza. Os nenos e as nenas que o necesitan contan con apoio psicolóxico-terapéutico especializado.
<b>4 Desenvolvemento da Personalidade</b>	
<b>5 Contexto Familiar</b>	Con máis do 75% dos nenos das Casas de Familia trabállase coa perspectiva da reintegración familiar ou acollemento en familia extensa. O papel do equipo educativo é colaborar en que o ambiente físico e emocional e as habilidades dos proxenitores estean dentro de parámetros de protección e crianza positiva.
<b>6 Contexto Escolar e Formativo</b>	Todos os nenos, nenas e adolescentes melloraron neste ámbito, cun 100% deles que promocionaron de curso. Este é un aspecto moi importante pola experiencia de éxito baseada no esforzo que supón a mellora da autoestima e a capacidade de superación. O educador/a de referencia mantivo, alomenos, 3 reunións anuais co tutor/a do centro educativo.
<b>7 Contexto de Lecer</b>	Experiencias de lecer normalizadas en contornas inclusivas: actividades extraescolares, culturais e deportivas. Máis do 80% dos nenos e nenas participaron en clubs federados, piscinas ou ximnasios da contorna. Participación en viaxes e campamentos.
<b>8 Contexto Residencial</b>	Clima educativo baseado no afecto, respecto e esforzo. Límites claros que axudan a manter relacións constructivas e satisfactorias. Educación en hábitos: ordenar, recoller, respectar horarios, cociñar, limpar, etc.

## SATISFACCIÓN

Os diferentes axentes participantes no programa das Casas de Familia amosaron un grao de satisfacción semellante ó ano anterior:



Destacando o apoio dos educadores á súa familia, o cariño e respecto e asertividade.

Destacando o compromiso coa entidade, o traballo orientado hacia os nenos/as e o bo clima de traballo.

Destacando a valoración da implicación, e solicitando unha maior comunicación e coordinación.

Destacando de xeito especial o ambiente de cariño, a estabilidade e seguridade, ademáis da actitude de colaboración.



## FORMACIÓN A FAMILIAS QUE SE OFRECEN PARA A ADOPCIÓN

Faiben desenvolve desde o ano 2014 un programa de formación para familias que dispoñen do certificado de idoneidade para a adopción, tanto nacional como internacional.

O obxectivo desta formación é que as familias maduren o seu proceso adoptivo, coñezan as necesidades reais dos nenos e nenas que están a esperar unha familia, así como ferramentas educativas e afectivas que poidan axudar a crear un entorno familiar estable e seguro. Durante o ano 2018 desenvolveuse a formación, cos seguintes resultados e valoración:

Resultados		
Participantes	Sesións	Provincias
18 familias	9	A Coruña
		Ourense
		Pontevedra

### VALORACIÓN

As familias que están a participar valoran que a formación está a servir para coñecer mellor as necesidades reais dos nenos e nenas que están á espera dunha familia, e tamén a coñecer que capacidades parentais precisan desenvolver.

Este coñecemento permite facer un ofrecemento máis axustado, consciente e realista.

O grao de participación diminuíu con respecto a outros anos, pero Faiben seguirá a insistir nunha formación básica para o éxito dos procesos adoptivos.



## PROGRAMA CONTIGO


Os mozos e mozas que pasan polas nosas casas de familia enfróntanse a serias dificultades na súa saída, atopándose cunha difícil realidade social: en moitos casos non poden contar cunha familia que poda garantir unha estabilidade afectiva e económica. Co obxectivo de dar estabilidade á saída dos nenos e nenas, o Programa Contigo presta o apoio necesario para garantir as condicións de protección, sempre desde o noso aceno de identidade: a incondicionalidade.

Os apoios que se prestan desde o programa son:

- Familiares: asesoramento en crises familiares, problemas de convivencia cos pais ou acolledores, herdanzas...
- Legais: axuda en papeleo, xuízos, curatelas, emancipacións...
- Psicolóxicos e sociais: derivados das novas situacións ás que se teñen que enfrontar sen unha referencia familiar.
- Económicos: fianzas, carné de conducir, aluguer, adquisición de ferramentas de traballo...

- Formativo e laboral: elaboración de currículo, presentación a ofertas, asesoría laboral en xeral...
- Vivenda: apoio na busca de vivenda e mantemento da mesma.

Ao longo do ano 2018 prestamos apoio a 61 nenas e nenos dos que xa saíron das casas, apoiando de xeito económico cun total de 11.890,23 euros.







# TRANSPARENCIA

## MEMORIA ECONÓMICA

Ingresos	
	importe
<b>XUNTA DE GALICIA</b>	<b>640.008,00 €</b>
Casas de Familia	602.813,00 €
Inversión	34.362,00 €
Formac. Familias	1.200,00 €
Outros	1.633,00 €
<b>CONCELLO RIBEIRA</b>	<b>3.000,00 €</b>
<b>DEPUTACIÓN PONTEVEDRA</b>	<b>5.436,00 €</b>
<b>FUND. JOSÉ OTERO-C MARTINEZ</b>	<b>3.250,00 €</b>
<b>SOCIOS E DOANTES</b>	<b>39.735,00 €</b>
<b>Total</b>	<b>691.429,00 €</b>

Gastos	
	importe
<b>CASAS FAMILIA</b>	<b>670.105,00 €</b>
<b>FORMACIÓN FAMILIAS</b>	<b>1.200,00 €</b>
<b>PROGRAMA CONTIGO</b>	<b>11.890,00 €</b>
<b>XERAIS</b>	<b>5.532,00 €</b>
<b>FINANCIEROS</b>	<b>2.702,00 €</b>
<b>Total</b>	<b>691.429,00 €</b>



CALIDADE

A nosa preocupación por prestar os mellores servizos lévanos a manter unha política de calidade. Mantemos vivo un sistema de xestión certificado na norma ISO 9001:2015, para as casas de familia.

Este enfoque proactivo contribúe a sistematizar un xeito de traballo proactivo e a favor dos dereitos das nenas e nenos.



## COLABORADORAS

Os resultados que mostramos nesta memoria non serían posibles sen o apoio constante das entidades e persoas colaboradoras, das que sinalamos as máis importantes e ás que dende aquí expresamos o **AGRADECIMENTO DE FAIBEN**.

## ORGANISMOS



## EMPRESAS



moradiña S.A.



